

DON CESAR LÓPEZ ARRIBAS, Secretario Xeral do Concello de Lalín (Pontevedra).

CERTIFICO: Que na sesión ordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 28 de xuño de 2024 adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

18.- EXPEDIENTE 1964/2024. PROPOSTA CORRECCIÓN DE ERROS LIBRO DAS FESTAS.

Vista a proposta do **Sr. Concelleiro Delegado de Festas do Concello de Lalín**, na que expón que na Xunta de Goberno Local celebrada o día 14 de xuño de 2024, adoptouse entre outros, o acordo de aprobar as **“BASES COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA AS FESTAS DAS DORES DE 2024.”** (Exp. 1964/2024).

Revisadas as mesmas detectáronse erros, **a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acordou:**

Primeiro.- Modificar o punto **“5.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA A PRESENTAR POLOS INTERESADOS”**, onde di:

“(…)

No interior do sobre incluírase a seguinte documentación:

1º.- Declaración responsable con arranxo ao modelo contido no Anexo II.

2º.- Modelo de proposta de colaboración, con arranxo ao modelo contido no Anexo III

“(…)”

Debe dicir:

“(…)”

No interior do sobre incluírase a seguinte documentación:

1º.- Declaración responsable con arranxo ao modelo contido no Anexo II.

2º.- Modelo de proposta de colaboración, con arranxo ao modelo contido no Anexo III



** Para o caso no que un interesado desexe colaborar coas festas, pero non aparecer na publicidade, unicamente presentará o anexo II dentro do sobre, cubrindo no apartado “Presentación da empresa”: “SEN PUBLICIDADE, ofrece unha achega por importe de _____ €”*

(...)”

Segundo.- Modificar o punto “6.- CRITERIOS DE SELECCIÓN DOS COLABORADORES”, onde di:

“(...)”

***Páxinas adxuntas á programación diaria de festas,** adxudicaranse por orde decrecente dende a maior subvención ofertada a menor, sendo distribuídos en primeiro lugar os espazos do Cartel xenérico e seguindo por Domingo, Sábado, Martes e Luns.*

Resto de páxinas serán adxudicadas por orde decrecente de achega de xeito que nas primeiras páxinas aparecerán os colaboradores con maior achega e nas últimas os que oferten os menores valores.

(...)”

Debe dicir:

“(...)”

***Páxinas adxuntas á programación diaria de festas,** adxudicaranse por orde decrecente dende a maior subvención ofertada a menor, sendo distribuídos en primeiro lugar os espazos do Cartel xenérico e seguindo por Venres, Domingo, Sábado, Martes e Luns.*

***Resto de páxinas** serán adxudicadas por orde decrecente de achega de xeito que nas primeiras páxinas aparecerán os colaboradores con maior achega e nas últimas os que oferten os menores valores.*

A ubicación dos anuncios sempre estará supeditada aos traballos técnicos de edición, sin garantir unha ubicación determinada para este apartado.

(...)”

Terceiro.- Publicar este acordo xunto coas bases no Perfil do Contratante do Concello de Lalín, na páxina web municipal (www.lalin.gal).



E para que conste e unir ó expediente da súa razón, expido a presente en Lalín de orde e co visto e praxe da Sra. 1ª Tenente de Alcalde.

O Secretario Xeral.
César López Arribas.

Visto e praxe, por Delegación da Alcaldía na 1ª
Tenente de Alcalde. María Paz Pérez Asorey.
(Decreto Alcaldía 23 de xuño de 2023)

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE)

L

A

M

U

